

**macho<sup>1</sup>** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Dise do animal ou individuo de sexo masculino.

**2** Que ten características tradicionalmente consideradas do sexo masculino, como forza, vigor, valentía etc. **EX.** > *Foi de macho e veu para a casa cun ollo inchado.*

## SUBSTANTIVO MASCULINO

**3** Calquera peza que, como o parafuso na porca, entra dentro doutra.

**FAM.** > Machismo, machista.

**macho<sup>2</sup>** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Cruzamento de cabalo e asno, de sexo masculino.

**OBS.** > O seu feminino é mula.

**machucar** VERBO

**1** Romper ou deformar unha cousa dándolle golpes ou facendo presión sobre ela.

**2** Reducir unha cousa sólida a fragmentos pequenos. **Sinónimo:** *triturar.*

**3** Pisar ou esmagar a uva e outras froitas para lle tirar o líquido. **Sinónimo:** *espremer.*

**CONX.** > Conxúgase coma andar.

**macizo, maciza** ADXECTIVO

**1** Cheo, sen ocos, sólido.

**2** De carnes duras, forte, que non está fofo.

## SUBSTANTIVO MASCULINO

**3** Conxunto de montañas que culminan nun ou máis picos.

**madeira** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Materia dura que forma os toros das árbores e que está debaixo da cortiza.

**2** Anaco ou peza de madeira xa traballada.

**3** Talento, aptitude, capacidade. **EX.** > *Ten madeira de artista.*

**FR.** > **Ser da madeira do demo** Ser persoa de malas intencións.

**FAM.** > Madeireiro, madeiro.

**madeiro** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Anaco de árbore cortado e limpo de ramas. **Sinónimo:** *toro.*

**2** Anaco ou peza de madeira longo e grosso.

**madeixa** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Fio enrolado sobre si mesmo, para poder ser debandado facilmente. **Sinónimos:** *mea, meada.*

**madrastra** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Nome que un fillo lle dá á muller que casa con seu pai, pero sen ser a súa nai.

**OBS.** > O seu masculino é padrasto.

**madre** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Título que se lles dá ás superiores dun convento e a outras relixiosas.

**2** Corda do palangre en que están atadas as tanzas que levan os anzois.

**3** Fondo dun río, lago etc. **Sinónimo:** *leito.*

**4** Tratamento de respecto para a nai. **EX.** > *Mi madre mandoume á taberna.*

**madríña** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Muller que acompaña a unha persoa que recibe un sacramento, como ao noivo na voda, ou ao neno no bautismo.

**2** A muller que preside unha cerimonia, festa etc.

**OBS.** > O seu masculino é padriño.

**madróña** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Pataca seca con engurras por acción da chuvia ou a xeada.

**2** Planta de uso medicinal empregada para o gando.

**3** Calzado de madeira feito dunha soa peza e que se apoia sobre tres tacos que teñen a función de o elevar sobre o chan mollado ou húmido. Este calzado úsase para poñer por riba doutro. **Sinónimos:** *galocha, zoca.*

**madrugada** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Período que transcorre da medianoite á alba ou amencer.

**madrugador, madrugadora** ADXECTIVO,

## SUBSTANTIVO

**1** Que adoita madrugar.

**madrugar** VERBO

**1** Levantarse ao amencer ou moi cedo pola mañá.

**2** Gañar tempo, anticiparse ou adiantarse.

**FAM.** > Madrugada, madrugador.

**CONX.** > Conxúgase coma andar.

**madurar** VERBO

**1** Poñer maduro un froito ou facer que madureza.

**2** Tornar máis madura, reflexiva, asentada etc. unha persoa. **EX.** > *Queiras ou non queiras, o paso dos anos madura a todo o mundo.*

**3 Ver madurecer.**

**CONX.** > Conxúgase coma andar.

**madurecer** VERBO

**1** Chegar un froito ao estado de maduro. **Sinónimo:** *madurar.*

**2** Volverse máis madura, reflexiva, asentada etc. unha persoa. **Sinónimo:** *madurar.*

**CONX.** > Conxúgase coma varrer.

**madurez** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Estado de maduro. **Sinónimo:** *madureza.*

**2** Fase da vida das persoas entre a xuventude e a vellez, en que se asenta a personalidade. **Sinónimo:** *madureza.*

**PL.** > Madureces.

**maduro, madura** ADXECTIVO

**1** Que está xa formado, no punto, e que se pode recolectar ou consumir. **Sinónimo:** *chegado.* **Antónimo:** *verde.*

**2** Dise da persoa que está na madurez, de idade mediana.

**FAM.** > Madurar, madurecer, madurez, madureza.

**mafia** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Rede de asociacións secretas con fins criminais que emprega o medo e as ameazas como control.

**FAM.** > Mafioso.

**mafioso, mafiosa** ADXECTIVO

**1** Pertencente á mafia.

## SUBSTANTIVO

**2** Membro dunha mafia, ou que emprega os seus métodos.

**magma** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Masa ardente do interior da terra que pode saír ao exterior a través das erupcións dos volcáns.

**magnate** SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

**1** Persoa importante do mundo das finanzas ou os negocios.

**magnético, magnética** ADXECTIVO

**1** Relativo ao imán ou que ten as súas propiedades.

**2** Que ten ou exerce un forte atractivo ou influencia. **EX.** > *Uns ollos magnéticos. Personalidade magnética.*

**FAM.** > Magnetismo.

**magnetófono** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Aparello que grava e reproduce sons por medio dunha cinta magnética.

**magnífico, magnífica** ADXECTIVO

**1** Excelente, admirable, de moi boas calidades. **Sinónimos:** *espléndido, estupendo, excelente, excepcional, extraordinario, maravilloso.*

**magnitude** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Tamaño dun corpo.

**2** Grandeza ou importancia de algo.

**3** Calquera característica ou calidade dun corpo que pode ser medida. **EX.** > *O peso, a lonxitude e a temperatura son magnitudes.*

**magno, magna** ADXECTIVO

**1** De moita intensidade, cantidade, mérito ou valor.

**2** De importancia ou grandeza moral, aplicado a persoas ilustres.

**FAM.** > Magnate, magnífico, magnitude.

**magó, maga** SUBSTANTIVO

**1** Personaxe imaxinario que ten poderes máxi-

cos ou practica a maxia. **EX.** > *O mago converteu a ra nun príncipe.* **Sinónimos:** *bruxo, feiticeiro, meigo.*

**2** Persoa que fai trucos de maxia.

**FAM.** > Maxia.

**mágoa** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Sufrimento. **Sinónimos:** *aflicción, pena, pesar.*

**2** Compañón que producen os males alleos.

**3** Mancadura.

**FAM.** > Magoar.

**magoar** VERBO

**1** Producir unha pequena dor física, de pouca importancia. **Sinónimo:** *mancar.*

**2** Causarlle mágoa, pesar ou tristeza a alguén. **Sinónimos:** *apesarar, contristar, ferir, lacerar.*

**3** Ofender.

**FAM.** > Magoadura.

**CONX.** > Conxúgase coma andar.

**magosto** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Festa que se celebra nos meses de outubro e novembro e que consiste nunha comida con castañas asadas, viño e chourizos.

**2** Fogueira para asar castañas e chourizos no monte.

**3** Conxunto de castañas asadas, e comida feita con elas.

**magro, magra** ADXECTIVO

**1** Con pouca graxa ou sen ela.

**2** De poucas carnes. **Sinónimos:** *delgado, enxoito, fraco.*

**FAM.** > Magreza.

**mahometano, mahometana** ADXECTIVO

**1** De Mahoma ou da súa relixión. **Sinónimo:** *musulmán.*

## ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

**2** Quen profesa esta relixión. **Sinónimo:** *musulmán.*

**maí** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Nai.

**OBS.** > O seu masculino é pai.

**maiar** VERBO

**1** Emitir o gato o seu son característico. **Sinónimos:** *miañar, miar.*

**CONX.** > Conxúgase coma andar.

**mailo, maila** CONTRACCIÓN

**1** Contracción de *mais* (conxunción) e *lo, la* (segunda forma do artigo o, a). **EX.** > *Viñeron Filipe mailo seu pai. Estamos a esperar por Antía e mailas súas amigas.*

**OBS.** > Tamén se pode escribir *mais o, mais a.*

**EX.** > *Viñeron Filipe mais o seu pai.*

**mamiño, mainiña** ADXECTIVO

1 Aplícase a obxectos pequenos e de tacto suave, agradable, tenro. **Sinónimos:** *mamiño*.

ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

2 Dise do dedo máis pequeno da man ou do pé. **Sinónimos:** *mamiño*.

**maino, maina** ADXECTIVO

1 Que ten suavidade ou brandura. **Sinónimos:** *apracíbel, apracible, suave*. **Antónimo:** *desapracíbel, desapracible*.

2 Submiso, dócil, obediente, acovardado.

**mainzo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Millo.

**maio** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Quinto mes do ano, entre abril e xuño. Ten 31 días.

2 Construción de madeira adornada tradicionalmente con ramallos, follas e flores, que sae á rúa na festa do maio ou dos maios.

3 Festa popular con que se celebra a chegada do mes de maio. **[OBS.]** Adóitase utilizar tamén en plural. **[EX.]** *Celebrar os maios*.

**maionesa** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Prebe ou salsa que se fai batendo aceite, sal e ovo.

**maior** ADXECTIVO

1 Que excede nunha cousa en cantidade ou tamaño. **[OBS.]** É a forma comparativa de grande. **Antónimo:** *menor*.

2 Que chegou á maioría de idade. **Antónimo:** *menor*.

3 Que ten máis idade. **Antónimo:** *menor*.

SUBSTANTIVO MASCULINO PLURAL

4 Persoas adultas, sobre todo, as de idade avanzada. **[EX.]** *Os nosos maiores*. **Antónimo:** *menor, mozo*.

ADXECTIVO, SUBSTANTIVO MASCULINO

5 Dise do terceiro dedo da man, situado entre o índice e o anular. **Sinónimos:** *dedo do medio, pai de todos*.

**[FAM.]** Maioría, maioritario.

**maioría** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Calidade de maior, xa sexa en cantidade, número, idade etc.

2 Maior número de votos nunha votación.

**maioritario, maioritaria** ADXECTIVO

1 Da maioría ou relacionado con ela.

**mais** CONXUNCIÓN

1 Expresa unha oposición entre o que se vai dicir e o que se dixo anteriormente. **[EX.]** *Vou, mais non quería*. **Sinónimos:** *pero, porén*.

2 Indica suma de elementos. **[EX.]** *Ti mais eles non sabedes disto*. **[OBS.]** Contrae con *lo, la, los,*

*las*, segunda forma do artigo *o, a, os, as* e dá as formas: *mailo, maila, mailos, mailas*. Esta contracción non é obrigatoria. **[EX.]** *Ti mailo teu amigo*. **Sinónimo:** *e*.

**máis** ADVERBIO

1 Indica, con sentido comparativo, aumento, exceso, superioridade ou ampliación. **[EX.]** *Quérote máis a ti*.

2 Úsase ás veces como substantivo. **[EX.]** *O máis e o menos*.

SUBSTANTIVO MASCULINO

3 Signo da suma ou adición (+).

**[FR.]** **De máis** De sobra, demasiado. **Máis ou menos** Aproximadamente. **Nin máis nin menos** No mesmo grao, sen faltar nin sobrar.

**máis** INDEFINIDO

1 O outro, os demais. **[EX.]** *Ela fixo o seu traballo, o máis que o faga el*.

2 A maioría. **[EX.]** *Os máis votaron en contra*.

**[OBS.]** Úsase xeralmente precedido de artigo.

**maiúscula** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO FEMININO

1 Dise da letra que é ou se escribe de maior tamaño e con distinta figura das ordinarias. **Antónimo:** *minúscula*.

**maiúsculo, maiúscula** ADXECTIVO

1 Que é moi grande.

2 Extraordinario, enorme.

**[FAM.]** Maiúscula.

**mal** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 O conxunto das cousas que danan, por ser contrarias ao ben, á moral etc.

2 Dano moral ou físico. **[EX.]** *A enfermidade é un mal físico*.

ADXECTIVO

3 Forma reducida de malo. Emprégase cando precede a un substantivo masculino (*ten mal carácter*), se vai despois do substantivo forma completa (*ten un carácter malo*). **Antónimo:** *bo*.

**[PL.]** Males.

ADVERBIO

4 Contrariamente ao xusto, ao debido ou ao correcto. **[EX.]** *Actuaches moi mal*. **Antónimo:** *ben*.

5 Contrario ao desexado, ou ao que se quere ou require. **[EX.]** *O traballo quedou mal feito*. **Antónimo:** *ben*.

6 Dificilmente. **[EX.]** *Nese tempo mal se pode facer o acordado*. **Antónimo:** *ben*.

**Estar a mal** Ter inimizade. **Ir de mal en peor** Ir cada vez peor. **Mal que ben** A pesar de todo.

**Poñerse mal** Enfermar. **Poñerse, estar, quedar etc. a mal** Enfadarse, romper a amizade ou a relación.

**malcriar** VERBO

1 Educar os fillos con exceso de tolerancia e aloumiño.

**[FAM.]** Malcriado.

**[CONX.]** Conxúgase coma *afiar*.

**maldade** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Calidade do que é malo.

2 Acción ou cousa mala.

3 Crueldade.

**maldición** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Resultado de maldicir. **Antónimo:** *bendición*.

2 Insulto que se di contra unha persoa ou cousa manifestando anoxo e aversión. **Antónimo:** *bendición*.

3 Desexo expreso de que a alguén lle ocorra algún dano. **Antónimo:** *bendición*.

**[PL.]** Maldicións.

**maldicir** VERBO

1 Botar maldicións contra alguén, expresando o desexo de que lle ocorra algo malo.

2 Dicir palabras fortes contra algo ou alguén que mostran grande enfado. **Antónimo:** *bendicir*.

**[FAM.]** Maldición, maldito.

**[CONX.]** Conxúgase coma *partir e dicir*.

**maldito, maldita** ADXECTIVO

1 Perverso, de mala intención. **Antónimos:** *bendito, bieito*.

2 De mala calidade, ruín, miserable. **Antónimos:** *bendito, bieito*.

**maleducado, maleducada** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise da persoa que se comporta con mala educación, faltándolles ao respecto aos demais, contestándolles mal, tratándoo de xeito descazado etc. **Antónimo:** *educado*.

**maleficio** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Feitizo realizado para causar dano. **Sinónimos:** *feitizo, meigallo*.

**[FAM.]** Maléfico.

**maléfico, maléfica** ADXECTIVO

1 Que fai dano a outra persoa empregando maleficios. **Sinónimo:** *maligno*.

2 Que ocasiona ou pode ocasionar dano. **Sinónimo:** *maligno*.

**malentendido** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Mala interpretación, entendemento erróneo de algo.

**malestar** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Sensación de incomodidade física temporal.

2 Sentimento de desgosto e inquietude.

**maleta** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Caixa de pel, lona, plástico etc. con asas e pechadura, para levar a equipaxe.

**[FAM.]** Maletreiro, maletín.

**maletreiro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Espazo que teñen os coches para transportar maletas e outros obxectos.

**maletín** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Maleta pequena.

2 Obxecto con asa ou correas, onde se levan documentos, libros etc. **[EX.]** *Mete todos os papeis no maletín*. **Sinónimo:** *carteira*.

**[PL.]** Maletíns.

**maleza** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Vexetación abundante e espontánea que se dá nos terreos ao non os coidar e que se compón fundamentalmente de herbas, silvas, fentos etc. segundo a estación, lugar etc.

**malfadado, malfadada** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise de quen non ten boa sorte, fortuna ou fado. **Sinónimos:** *desafortunado, desgrazado, desventurado, infortunado*.

**malfalado, malfalada** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Que ten por costume falar dicindo groasías ou blasfemias. **Sinónimo:** *deslinguado*.

**malfeito, malfeita** ADXECTIVO

1 Deforme, de formas imperfectas.

SUBSTANTIVO MASCULINO

2 **malfeito** Acto que vai en contra da lei.

**malfeitor, malfeitora** SUBSTANTIVO

1 Persoa que comete actos criminais ou delitos, á marxe da lei. **Sinónimo:** *delincuente*.

**[FAM.]** Malfeitoría.

**malferir** VERBO

1 Ferir gravemente a alguén.

2 **malferirse** Resultar alguén gravemente ferido. **[EX.]** *Malferiuse ao saltar desde un terceiro andar*.

**[CONX.]** Conxúgase coma *servir*.

**malgastar** VERBO

1 Gastar o diñeiro, as forzas, as palabras etc. en cousas que son malas ou inútiles. **Sinónimos:** *desbaratar, dilapidar, disipar*.

**[CONX.]** Conxúgase coma *andar*.

**malhumorado, malhumorada** ADXECTIVO

1 Dise de quen está de mal humor, de mala disposición de ánimo, irritado ou enfadado, ou de quen presenta ese estado de ánimo.

**malia** INTERXECCIÓN

1 Expresa contrariedade e repulsa; mal haxa. **[EX.]** *Malia quen puxo isto aquí!* **Antónimo:** *benia!*

CONXUNCIÓN, PREPOSICIÓN

2 A pesar de, non obstante **[EX.]** *Recibirás a túa parte, malia non a mereceres*.

**[FR.]** **Malia que** Aínda que, a pesar de que, por moito que.